



CONCELLO DA CORUÑA
Área de Xustiza Social e Coidados
Servizo de Educación
📁 236/2018/110 📄 23612I00SU

NORMAS DE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA EDUCATIVO MUNICIPAL AO MEU XEITO! (1ª CONVOCATORIA DE 2018)

Primeira. Finalidade do programa

O programa educativo municipal *Ao meu xeito!* pretende favorecer a participación e o autogoberno dos centros educativos. Permítelles aos centros deseñar actividades educativas axustadas ás súas concretas necesidades, que serán postas en marcha co asesoramento e o soporte económico do Concello.

Segunda. Centros destinatarios

O programa vai destinado a: escolas infantís municipais (EIM), colexios de Educación Infantil e Primaria (CEIP), centros de Educación Especial (CEE), centros integrados de Formación Profesional (CIFP), institutos de Ensino Secundario (IES), conservatorios de danza (CDAN), conservatorios de música (CMUS), escolas de arte (EASD), centros públicos de Educación e Promoción de Adultos (EPAPU) e escolas de música (ESMU) do Concello da Coruña.

Terceira. Actividades que se poden propor

As actividades susceptíbeis de se propor, na presente convocatoria, teñen **estarán relacionadas coa celebración do fin de curso e poderán consistir na contratación de representacións artísticas (teatro, música, danza...) ou outras con finalidade lúdico-educativa.**

Cuarta. Aplicación orzamentaria

O gasto que xeren as actividades que se realicen dentro deste programa educativo municipal aboarase con cargo á **aplicación orzamentaria 51 326 22626** (programas educativos e actividades xerais).

Quinta. Crédito dispoñíbel

Para esta convocatoria hai un crédito dispoñíbel de **100.000,00 €**.

Sexta. Presentación de propostas

As actividades poden ser propostas por calquera membro da comunidade educativa e deberán contar coa aprobación do consello escolar ou, no seu caso, do consello social.

Os centros deberán remitir a súa proposta ou propostas, a través do correo electrónico corporativo do centro, ao enderezo **educacion@coruna.es** até o **31 de maio de 2018**.

No asunto figurará o texto "Ao meu xeito! 1ª convocatoria 2018" e no corpo, unha breve descrición da actividade proposta. Ademais, deberá achegarse como documento o ANEXO I da proposta que se presente para a participación no programa, no que deberá figurar o selo do rexistro de saída do centro educativo e estar asinada pola persoa presidenta do consello escolar ou, no seu caso, do consello social.

Ademais, deberán incluírse o orzamento da/o profesional, entidade ou empresa que as vai realizar, co IVE incluído ou exento (segundo o caso), a nome do Concello da Coruña (coma cliente). No



CONCELLO DA CORUÑA
Área de Xustiza Social e Coidados
Servizo de Educación
📁 236/2018/110 📄 23612I00SU

concepto ten que figurar: Programa educativo municipal *Ao meu xeito!*, o nome do centro e a descrición do orzamentado.

Sétima. Aprobación de propostas

Aprobaranse as propostas que cumpran os requisitos que se establecen nestas normas, co **límite de 1.500,00 € por centro**.

Oitava. Comunicación das actividades aprobadas

O SME comunicará aos centros as propostas que sexan aceptadas ou rexeitadas. Non se aceptarán propostas de profesionais, entidades ou empresas que superen o limiar de 15.000,00 € (IVE excluído) de facturación total para este programa ou noutros contratos menores do Concello no 2018.

A dirección do centro encargarse da coordinación coa empresa, entidade ou profesional correspondente para realizar a actividade aprobada, que deberá cingirse ao termos da aprobación. Para tal efecto, daralle traslado do correo que lle remita o SME comunicando a aprobación da actividade. Calquera eventual modificación posterior do contido da proposta deberá ser aprobado polo SME. A dita dirección deberá tamén comunicar á/ao membro da comunidade escolar propoñente da actividade a súa aprobación ou rexeitamento.

O SME resérvase a posibilidade de suxerir modificacións ou adaptacións das propostas presentadas para que encaixen cos obxectivos deste programa.

Décima. Tramitación de autorizacións

No caso de que a realización da actividade aprobada polo Concello dentro deste programa requira dalgunha autorización pública ou privada (Administración Educativa, nais/pais...) corresponderalle ao propio centro tramitaren a súa obtención.

Décimo primeira. Período de realización das actividades

As actividades que se financien con cargo a este programa deberán realizarse entre a data de aprobación destas normas e o **22 de xuño de 2018**.

Décimo segunda. Xustificación da realización da actividade

Inmediatamente despois da execución do contrato que se corresponda a cada unha das actividades aprobadas, a/o secretaria/o do centro deberá emitir un certificado conforme foron realizadas, segundo o modelo que figura como ANEXO II destas normas, que lle entregará ao profesional, entidade ou empresa que realizou a actividade.

Decimo terceira. Presentación de facturas

As empresas, entidades ou profesionais contratados deberán achegar o dito certificado xunto coa factura que lle presenten ao Concello da Coruña. No concepto da factura deberá figurar: Programa educativo municipal *Ao meu xeito!*, o nome do centro e a descrición do facturado.

As instrucións de facturación figuran no ANEXO III destas normas.

Decimo cuarta. Aceptación das normas de participación

A participación nesta convocatoria implica a aceptación das súas normas de participación.



CONCELLO DA CORUÑA
Área de Xustiza Social e Coidados
Servizo de Educación
📁 236/2018/110 📄 23612I00SU

Décimo quinta. Interpretación das normas

Correspóndelle ao Servizo Municipal de Educación a interpretación destas normas de participación, quen poderá realizar as aclaracións que resulten pertinentes.

A Coruña, na data da sinatura do documento electrónico

O xefe de servizo de Educación
Belisario Sixto San José



CONCELLO DA CORUÑA
Área de Xustiza Social e Coidados
Servizo de Educación
📁 236/2018/110 📄 23612I00SU

Anexo I

Proposta de participación no programa educativo municipal *Ao meu xeito!*

(1ª convocatoria de 2018)

Rexistro de saída do centro

Centro: _____

Proponse a realización da actividade que se indica de seguido, que foi aprobada polo Consello Escolar ou, no se caso, polo Consello Social o día_____.

Membro da comunidade escolar que propuxo a actividade (alumna/o, nai/pai, departamento, ANPA, dirección...)	
Nome:	
Correo electrónico:	Teléfono:

Denominación da actividade

Breve descrición da actividade
Data/s de realización da actividade



CONCELLO DA CORUÑA
Área de Xustiza Social e Coidados
Servizo de Educación
📁 236/2018/110 📄 23612I00SU

Datos da empresa/entidade/profesional	
Nome:	NIF:
Conta de correo electrónico:	Teléfono:

Orzamento de gasto (co IVE incluído ou exento)

A Coruña, _____

O/A director/a

(Selo do centro)

Asdo. _____

SERVIZO MUNICIPAL DE EDUCACIÓN



CONCELLO DA CORUÑA
Área de Xustiza Social e Coidados
Servizo de Educación
📁 236/2018/110 📄 23612I00SU

ANEXO II

Asunto: Programa educativo municipal *Ao meu xeito!* (1ª convocatoria 2018)

6

CERTIFICADO

Centro: _____

D.ª/D. _____, secretaria/o do centro de referencia

Certifico:

Que o día ___ de _____ de _____ realizouse/finalizou a seguinte actividade aprobada polo Concello da Coruña dentro da 1ª convocatoria do 2018 do programa educativo municipal *Ao meu xeito!*

Nome da actividade: _____

Nome da empresa/ entidade/profesional: _____

NIF da empresa/entidade/profesional: _____

A Coruña, _____

Vº pº

A/O secretaria/o

O/A director/a

(Selo do centro)

Asdo. _____

Asdo. _____



CONCELLO DA CORUÑA
Área de Xustiza Social e Coidados
Servizo de Educación
📁 236/2018/110 📄 23612I00SU

ANEXO III

Instrucións sobre a presentación de facturas

- Tras realizar a actividade e recibir a certificación da súa execución pola dirección do centro, as empresas, entidades ou profesionais que desenvolveron a acción **emitiranlle a factura ao Concello da Coruña, preferiblemente antes do 30 de xuño de 2018.**
- Os **datos de facturación** do Concello son os que se indican de seguido:
 - Concello da Coruña. Praza de María Pita, 1. 15001 A Coruña
 - CIF: P 1503000 J
 - Órgano xestor: LA0002333
 - Unidade tramitadora: GE0000928 Educación
 - Oficina contábel: Tesouraría LA0002336
- No **concepto** deberá figurar a indicación “Ao meu xeito!” e o nome do centro educativo, ademais do servizo prestado. De teren realizado varias accións, incluíranas todas na mesma factura indicando o nome dos centros en que se desenvolveron e os servizos prestados.
- Aqueles profesionais, entidades ou empresas **que non facturaron con anterioridade ao Concello da Coruña**, deberán achegar tamén (por correo dirixido a educacion@coruna.es, en formato pdf) a “Alta de datos en terceiros”, compulsada polo seu banco. Para calquera aclaración ao respecto desta alta poden poñerse en contacto coa xestora económica de Educación no teléfono 981 18 42 00, extensión 12113.
- As entidades mercantís están obrigadas a presentar **a factura electrónica** a través do Rexistro electrónico do Concello. Para poder facturar de xeito electrónico (obrigatoria para empresas SA, SL e UTE) ten que descargar unha aplicación (na súa última versión) no enlace seguinte:

<http://www.facturae.gob.es/formato/Paginas/descarga-aplicacion-escritorio.aspx>

Necesitará os códigos DIR que ten que incluír na factura:

Oficina Contábel	Órgano Xestor	Unidade tramitadora
LA0002336	LA0002333	GE0000928

Accedendo á dirección: <https://face.gob.es> pódese obter a información necesaria para a remisión e consulta das facturas presentadas, así como temas de axuda para solucionar as incidencias (tfno. do soporte técnico: 954 304 117 ó 902 879 871).

Pinchando nos enlaces que figuran de seguido poderase acceder a diversos tutoriais de utilidade:

Configuración de face e facturae:

<https://www.youtube.com/watch?v=2eQ-n5CzPBs>



CONCELLO DA CORUÑA
Área de Xustiza Social e Coidados
Servizo de Educación
📁 236/2018/110 📄 23612I00SU

Emisión dunha factura e envío:

<https://www.youtube.com/watch?v=Y1YjluZOFGM>

Como facer unha factura con facturae:

<https://www.youtube.com/watch?v=YsjBOMR6ORI>

6. As sociedades cooperativas, as entidades e as/os profesionais que non estean obrigadas/os a presentar facturas electrónicas poderán presentalas, ben en **formato papel** nos Rexistros municipais (de María Pita, A Franxa, Forum, Ágora ou Mesoiro) ou ben, de teren certificado electrónico, **por vía telemática** no rexistro electrónico do Concello
<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/certlogin?method=conectar>
7. Teñen que achegar, xunto coa factura, o/s certificado/s de execución da actividade emitida pola/s dirección/s do/s centro/s educativo/s no/s que se desenvolveu ou desenvolveron. No caso de facturas electrónicas, poden incorporalo coma “documentación”, sempre en formato PDF.